



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Orientación profesional		Código	652511217
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	4.5
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Espiñeira Bellon, Eva María	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Profesorado	Espiñeira Bellon, Eva María	Correo electrónico	eva.espineira@udc.es	
Web	<a href="http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=asignatura&amp;codigo=652511217&amp;grupo=">http://www.educacion.udc.es/index.php?pagina=asignatura&amp;codigo=652511217&amp;grupo=</a>			
Descripción xeral	A orientación profesional conta con importantes implicacións para a intervención escolar e sociolaboral. Caracterizarase o seu desenvolvemento institucional, planificaranse e avaliaranse intervencións aplicables a diferentes contextos e persoas destinatarias, tendo en conta unha actitude crítica e transformadora ante diferentes enfoques (xénero, TICs,...).			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Traballo tutelado (con atención personalizada) (computa na avaliación).</li><li>- Análise de fontes documentais (de traballo autónomo do alumnado da bibliografía presentada).</li><li>- Sesión maxistral (incorporando os contidos da materia en Moodle).</li><li>- Estudo de casos (con atención personalizada) (computa na avaliación).</li><li>- Aprendizaxe colaborativa (o alumnado podrá elixir a seguir a traballar en pequenos grupos ou de maneira individual) nos traballos tutelados.</li><li>- Prácticas a través de TIC (o alumnado deberá entregar todos os traballos realizados mediante Moodle).</li></ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Proba de ensaio (non se realizará, xa que a avaliación destes coñecementos incorpórase na metodoloxía dos ?Traballos tutelados?).</li></ul> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Correo electrónico: Diariamente. De uso para fazer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.</p> <p>Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver os ?Traballos tutelados? e os ?Estudos de casos?, onde se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.</p> <p>Teams: Unha sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. En caso de ser preciso, unha sesión semanal en pequeno grupo (de acuerdo ao número de persoas que conformen os grupos de traballo, de ser o caso), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados? e ?estudos de caso?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Traballo tutelado (50%): O alumnado asistente ten unha tarefa para subir a Moodle cada traballo tutelado.</li><li>- Estudo de casos (50%): O alumnado asistente ten unha tarefa para subir a Moodle o estudo de casos.</li></ul> <p>Os criterios de avaliação de ambas modalidades de avaliação serán os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>?Adecuación ás directrices establecidas para cada actividade.</li><li>?Adecuación das respostas establecidas.</li><li>?Claridade da presentación do estudo de casos ou traballo tutelado en xeral así como de cada unha das actividades.</li><li>?Puntualidade na entrega da tarefa.</li></ul> <p>*Observacións de avaliação:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que:</p> <p>?As referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesións que houbo presenciais ate o momento no que se suspende a actividade presencial.</p> <p>Estas modificacións no proceso de avaliação aplicaranse tanto na primeira oportunidade de exame oficial como na segunda.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizarán cambios. Xa dispoñen de todos os materiais de traballo da materia dixitalizada en Moodle.</p>
----------------------	---



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		Competencias / Resultados do título		
Resultados de aprendizaxe		Competencias /	Resultados do título	
Comprender as bases teóricas, conceptuais e legais da orientación profesional e valorar as súas implicacións para a intervención.		AP6		
Caracterizar o desenvolvemento institucional da orientación profesional e analizar a súa situación actual.		AP6	BM3 BM4 BM6 BM10 BM11 BM13	CM4
Analizar as funcións sociopolíticas da orientación profesional e reflexionar sobre as posibilidades e características dunha orientación profesional para o cambio que incida nunha práctica non discriminatoria.		AP7 AP12		
Planificar e avaliar intervencións aplicables a diferentes contextos e destinatarios.		AP1 AP4 AP12	BM4	
Coñecer os distintos ámbitos de aplicación das TIC na orientación profesional e saber utilizarlas.			BM10 BM11	CM3 CM6
Comprender a necesidade de incorporar o enfoque de xénero e deseñar propostas de orientación profesional que integren a dimensión de xénero.		AP7 AP12	BM3 BM6 BM8	
Adquirir unha actitude crítica e transformadora ante as problemáticas da orientación profesional.		AP7		CM4 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Delimitación conceptual e bases teóricas da orientación profesional.	1.1. Procesos, persoas destinatarias e contextos de intervención. 1.2. Príncipios de intervención. 1.3. Os programas como estratexia de intervención: contidos dos programas de orientación profesional.
Tema 2. A orientación para a transición do mundo educativo ao mundo laboral.	2.1. A titoría e a orientación académica e profesional: necesidade, enfoques, niveis. 2.2. A orientación académica e profesional nas diferentes etapas educativas. 2.3. O consello orientador. 2.4. Exemplos de secuencias de sesións en programas de orientación académica e profesional.
Tema 3. A orientación profesional con persoas desempregadas.	3.1. Concepto de traballo e emprego: valor social e persoal. 3.2. Colectivos vulnerables: factores que dificultan o acceso ao emprego. 3.3. A empregabilidade. 3.4. Asesoramento e ferramentas para o emprego: canais, contactos, técnicas de presentación, o proceso de selección (probas, entrevista), organización do tempo. 3.5. Ferramentas de seguimento e avaliação. 3.6. Boas prácticas desenvolvidas no proceso de orientación con colectivos vulnerables.



Tema 4. Os itinerarios personalizados de inserción como metodoloxía de intervención.	4.1. A orientación como eixe condutor dos itinerarios de inserción. 4.2. O proceso de inserción: a entrevista, o diagnóstico, o obxectivo profesional e o proxecto profesional (competencias e cualificación profesional). 4.3. Como elaborar o proxecto persoal (ferramentas para mellorar o autocoñecemento, establecer o obxectivo profesional, elaborar o proxecto persoal).
Tema 5. As TIC e a orientación profesional: ámbitos de utilización.	5.1. Repercusión das TIC nos procesos orientadores. 5.2. Utilización das TIC nas accións de orientación educativa e profesional. 5.3. Aplicabilidade das TIC no ámbito orientador. 5.4. Novos roles dixitais dos profesionais da orientación profesional.
Tema 6. A orientación profesional con enfoque de xénero: finalidades e pautas para a súa integración.	6.1. O xénero na construción da identidade profesional. 6.2. A influenza do xénero na toma de decisións académicas e profesionais. 6.3. Como contribuir a combater os estereotipos e prexuízos. 6.4. Análise de experiencias de orientación profesional que incorporan a perspectiva de xénero.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A1 A6 A7 A12 B3 B4 B6 B10 B13 C6	6	24	30
Análise de fontes documentais	A12 B6 B11 B13 C4 C6	3	6	9
Sesión maxistral	A6 B11 B13 C3 C4 C6	3.5	7	10.5
Estudo de casos	A1 A4 A6 A7 A12 B3 B4 B6 B8 B10 B11 B13 C3 C4 C6	6	0	6
Proba de ensaio	A6 B3 B4 B10 B11	6	21	27
Aprendizaxe colaborativa	A1 A6 A7 A12 B3 B4 B6 B10 B13 C6	4	8	12
Prácticas a través de TIC	A4 B3 B4 B6 B10 C3 C6	3	0	3
Atención personalizada		15	0	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos/das estudiantes, baixo a tutela do profesorado e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos/polás estudiantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos/das estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesorado-titor.  O alumnado realizará unha proposta de aprendizaxe-servizo (ApS): proposta educativa que combina procesos de aprendizaxe e servizo á comunidade nun só proxecto, no cal as persoas participantes se forman traballando sobre necesidades reais da contorna co obxectivo de mellorala. No contexto dos plans de estudos da UDC, a proposta de ApS efectuarase, de ser posible, no marco das distintas materias da titulación, coordinándose co profesorado responsable destas.



Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades específicamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese emplegar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Estudo de casos	Metodoloxía onde o suxeito se confronta ante a descripción dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.
Proba de ensaio	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitud valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razonamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliação diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudiante; polo que implica un estudo amplio e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacóns.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conjuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Prácticas a través de TIC	Metodoloxía que permite ao alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades de carácter práctico (demostracións, simulacións, etc.) a teoría dun ámbito de coñecemento, mediante a utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións. As TIC supoñen un excelente soporte e canal para o tratamento da información e aplicación práctica de coñecementos, facilitando a aprendizaxe e o desenvolvemento de habilidades por parte do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	As metodoloxías sinaladas complementaranse con sesións de tutorías (atención personalizada) para consulta de dúbidas e axuda na resolución dos traballos propostos.
Aprendizaxe colaborativa	
Estudo de casos	
Proba de ensaio	
Prácticas a través de TIC	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A6 A7 A12 B3 B4 B6 B10 B13 C6	O alumnado realizará pequenos traballos co fin de fomentar a aprendizaxe independente dos/das estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesorado-tutor.	50



Estudo de casos	A1 A4 A6 A7 A12 B3 B4 B6 B8 B10 B11 B13 C3 C4 C6	O alumnado enfrontarase ante a descripción de situacíons específicas que suscitan un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razonada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.	30
Proba de ensaio	A6 B3 B4 B10 B11	Proba na que se busca responder por escrito a preguntas de certa amplitud valorando que se proporcione a resposta esperada, combinada coa capacidade de razonamento (argumentar, relacionar, etc.), creatividade e espírito crítico. Utilízase para a avaliação diagnóstica, formativa e sumativa. Permite medir as habilidades que non poden avaliarse con probas obxectivas como a capacidade de crítica, de síntese, de comparación, de redacción e de orixinalidade do estudiante; polo que implica un estudo amplio e profundo dos contidos, sen perder de vista o conxunto das ideas e as súas relacións.	20

## Observacións avaliación



**ALUMNADO ASISTENTE:** considerarase alumnado asistente a aquel que presente, como máximo un 20% de faltas de asistencia durante o curso; por iso, o profesorado poderá solicitarlle ao alumnado que asine unha folla tanto á entrada como á saída. Ata un 20% das clases poderán desenvolverse mediante charlas, conferencias, asistencia a seminarios que non teñen por que coincidir co horario habitual das clases, pero que será necesaria a asistencia para alumnado considerado como presencial. O alumnado poderá xustificar as súas faltas de asistencia.

Os exemplares da realización dos traballos tutelados e do estudo de casos (80% da cualificación) enviarase telemáticamente e de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. O prazo máximo de entrega será a semana seguinte de finalizar as clases. O alumnado realizará tamén unha proba escrita da totalidade dos contidos fixados na guía docente da materia (20% da cualificación).

**ALUMNADO NON ASISTENTE:** O alumnado que non forme parte de ningún grupo, non realice as prácticas correspondentes (traballo tutelado e estudo de casos) ou non asista regularmente ás clases, considerase alumnado non asistente. O alumnado que teña un 20% de faltas de asistencia considerarase non asistente e deberá presentar a resolución de tarefas asignadas para os traballos tutelados e estudo de casos obligatoriamente de maneira individual (que deberán ser avaliadas como aptas dentro do 80% da cualificación) e realizar unha proba escrita da totalidade dos contidos fixados na guía docente da materia (20% da cualificación).

**NOTA:** A UDC regula a matrícula de estudiantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, o informe ao profesorado e concerten a maneira na que se desenvolverá o proceso de ensino-aprendizaxe.

## Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"><li>- Álvarez González, M. (2013). Bases teórico-prácticas de la orientación profesional. Madrid: UNED</li><li>- Echeverría Samanés, B. (2008). Orientación profesional. Barcelona: Editorial UOC</li><li>- Cobos Cedillo, A. (2012). La orientación profesional y la búsqueda de empleo. Experiencias innovadoras y técnicas de intervención que facilitan la inserción laboral. Barcelona: Editorial Grao</li><li>- Izquierdo Rus, T. (2010). Los nuevos retos del mercado laboral: una perspectiva desde la orientación profesional. Úbeda: Editorial Amarantos</li><li>- Manzanares, A. y Sanz C. (2012). Situación actual y desafíos de la orientación: repensando la orientación en el ámbito educativo. Madrid: Walter Kluwer Educacion</li><li>- Martínez Clares, P. (2002). La orientación psicopedagógica: modelos y estrategias de intervención. Madrid: EOS</li><li>- Rodríguez Moreno, M.L. (2011). Orientación profesional no sexista: teoría y práctica. Saarbrücken: Editorial Académica Española</li><li>- Sánchez García, M.F. (2013). Orientación profesional y personal (libro electrónico). Madrid: UNED</li><li>- Santana Vega, L.E. (2013). Orientación profesional. Madrid: Síntesis</li><li>- Sobrado Fernández, L.M. y Cortés Pascual, A. (2009). Orientación profesional: nuevos escenarios y perspectivas. Madrid: Biblioteca Nueva</li></ul> <p>Para cada tema proporcionarase bibliografía e webgrafía específica.</p>
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

#### Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías